



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Teoría e Crítica nos Estudos Literarios	Código	613584101	
Titulación	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (plan 2016)			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Rodriguez Gonzalez, Olivia	Correo electrónico	olivia.rodriguez.gonzalez@udc.es	
Profesorado	Rodriguez Gonzalez, Olivia	Correo electrónico	olivia.rodriguez.gonzalez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Aproximación a enfoques teóricos e críticos nos estudos literarios.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non será necesaria modificación algunha.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen: Sesiões maxistrals, Actividades iniciais, Discusión dirixida, Eventos científicos/ divulgativos (celebrados telematicamente), Traballo tutelado, Lecturas, Proba de ensaio (en forma de tarefa entregada a través de Moodle: valorarase nela o aproveitamento das lecturas realizadas durante o curso e a contextualización e comprensión das principais correntes de teoría literaria). *Metodoloxías docentes que se modifican: Presentación oral do traballo tutelado (avaliado, de maneira que o 20% que representa o valor da súa nota, transfírese ao traballo tutelado escrito).</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Correo electrónico: Diariamente para realizar consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados. Moodle: Diariamente, de acordo coa necesidade do alumnado. Dispónse de ?foros temáticos asociados aos módulos? da materia para formular as consultas necesarias. Tamén hai ?foros de actividade específica? para desenvolver as actividades de lecturas ou traballos tutelados. Teams: Todas as sesións previstas, para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da Facultade. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado ás necesidades da aprendizaxe do alumnado para desenvolver o traballo da materia.</p> <p>4. Modificacións na avaliación O traballo tutelado representará o 60% da nota do curso. En relación cos traballos tutelados valorarase: 1. O tratamento axeitado dos contidos do curso aplicados ao traballo. 2. A habilidade para a elaboración dunha crítica literaria publicable nun medio de comunicación. 3. A utilización de fontes documentais da bibliografía e webgrafía da materia, así como doutros recursos, aos que en todo momento o estudante fará referencia. 4. A competencia lingüística suficiente para unha redacción apropiada</p> <p>*Observacións de avaliación: Seguirán sendo válidas as indicadas na guía docente.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se requiren modificacións neste punto.</p>
-----------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Integrar os estudos literarios nun contexto cultural mais extenso que trascenda os límites dunha soa lingua e/ou nación, atendendo á diversidade cultural
A2	Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cine, as artes, no marco da diversidade cultural
A4	Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos
A7	Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes
A8	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma
A10	Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos
A14	Adquirir a capacidade de xestionar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais



B4	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións(TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida
B5	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
B6	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver problemas cos que deben enfrontarse
B7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe
B8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
B10	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C1	Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva
C5	Integrar coñecementos de campos de estudos diversos
C7	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador
C8	Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico
C9	Desenvolver habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Adquirir a capacidade de manexar ferramentas e recursos de investigación aplicados ao ámbito dos estudos literarios e culturais.	AI3		
Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras, sempre baixo os principios democráticos da distribución xusta da riqueza, a igualdade social e o equilibrio do ecosistema.		BP2	
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.		BP4	
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance cultural e socioeconómico da sociedade.		BP5	
Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma.	AM8		
Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura. E distinguir a crítica da teoría como dominios da ciencia da literatura.	AM7		
Integrar os estudos literarios nun contexto cultural máis extenso que transcenda os límites dunha soa lingua e / ou nación, atendendo á diversidade cultural.	AM1		
Considerar a convencionalidade do concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, as ciencias e as artes, no marco da diversidade cultural.	AM2		
Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador.			C11
Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico.			C12
Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.			CM1
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.		BP1	
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.		BP3	
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.		BP2	
Aplicar as técnicas de análise cultural aclarando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos.	AM4		
Desenvolver habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación.			C13
Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e críticos.	AP1		
Integrar coñecementos de campos de estudo diversos.			CM5
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.		BP7	



Contidos	
Temas	Subtemas
1. A teoría da literatura	1.1. O lugar da teoría nos estudos literarios 1.2. Panorama histórico das principais correntes teóricas en Occidente 1.3. Actualidade da teoría literaria
2. A crítica literaria	2.1. O lugar da crítica nos estudos literarios 2.2. Funcións da crítica literaria 2.3. Métodos de análise de textos literarios

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida	A1 A2 A4 A7 A10 A8 B5 B6 B10 C1 C7 C9	2	0	2
Traballos tutelados	A1 A2 A4 A14 A7 A10 A8 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C7 C5 C8 C9	0	5	5
Presentación oral	A4 A14 B4 B7 B8 C5	1	2	3
Lecturas	A1 A2 A4 A14 A7 A10 A8 B4 C7 C5 C9	0	18	18
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A2 A4 A7 A10 A8 B5 B6 B7 B8 C7 C5 C9	0	1	1
Actividades iniciais	A1 A2 A7 A8 C5	1	1	2
Sesión maxistral	A1 A2 A4 A14 A7 A8 B5 B6 B7 B8 C7 C5	10	20	30
Proba de ensaio	A1 A2 A4 A7 A10 A8 B6 B10 C1 C7 C5 C9	2	10	12
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	Despois da consulta de fontes bibliográficas, discutirase na aula sobre algún tema que suscite debate.
Traballos tutelados	Traballo de crítica literaria sobre unha obra literaria, á elección do alumno, e a partir das ferramentas metodolóxicas que se darán a coñecer na aula.
Presentación oral	Serán expostos na aula os traballos de crítica literaria, indicando a lectura de fontes e explicando o proceso de elaboración.
Lecturas	A partir da bibliografía indicada, acordarase na aula a lectura de capítulos, artigos ou información na rede, para debater na aula.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Os estudantes estarán pendentes de acudir a conferencias, xornadas e actividades literarias que se desenvolvan na contorna, para relacionar os contidos do curso coa realidade literaria e cultural que nos arrodea.
Actividades iniciais	Destinarase un tempo ao inicio do curso para que os alumnos informen á docente das motivacións, preparacións e proxectos en relación coa súa presenza no Posgrao
Sesión maxistral	O docente exporá os contidos, explicará e aclarará as dúbidas que poidan presentar os alumnos.
Proba de ensaio	Os estudantes realizarán nas datas oficiais da primeira e, no caso de ser necesario, na segunda oportunidade, unha proba ensaio sobre cuestións teóricas vistas na aula. A profesora indicará que textos serán utilizados para tal fin.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	O alumnado realizará prácticas de crítica literaria con orientación persoal do docente. A atención personalizada tamén se levará a cabo, con carácter xeral, no horario de titorías.
---------------------	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de ensaio	A1 A2 A4 A7 A10 A8 B6 B10 C1 C7 C5 C9	Proba de ensaio sobre cuestións teóricas e/ou de análise práctica que se realizará nas datas oficiais indicadas nas diferentes oportunidades.	40
Presentación oral	A4 A14 B4 B7 B8 C5	Na aula farase unha exposición pública do proceso de elaboración da crítica literaria levada a cabo, aclarando metodoloxía	20
Traballos tutelados	A1 A2 A4 A14 A7 A10 A8 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C7 C5 C8 C9	O traballo consistirá en elaborar a crítica dunha obra literaria	40

Observacións avaliación
Os estudantes que se matriculen con dispensa académica, total ou parcial, deberán porse en contacto coa profesora, ao inicio da impartición da materia, para informarse do seu proceso de avaliación especial. Tamén se terán en conta os casos sobrevidos de cambio de situación do alumnado ao longo do curso. Na convocatoria adiantada de decembro será aplicado o mesmo sistema de avaliación indicado para o alumnado a tempo parcial ou con dispensa académica. O alumnado deberá contactar coa profesora antes do mes de novembro. Os estudantes que non superen a materia na primeira convocatoria, deberán entregar nas diferentes oportunidades, nas datas marcadas aos efectos de avaliación pola Facultade de Filoloxía, os traballos que foren solicitados. Todo traballo no que se detecte plaxio suporá unha cualificación de 0 na parte práctica. A docente ten á súa disposición a aplicación informática para detección de plaxios da UDC.

Fontes de información	
Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - ASENSI, Manuel (1998-2003). Historia de la teoría de la literatura. Valencia: Episteme - CABO ASEGUILAZA, Fernando , e María do Cebreiro Rábade Vilar (2006). Manual de Teoría de la Literatura. Madrid: Castalia - CASAS, Arturo (coord.), (2004). Elementos de Crítica literaria. Vigo, Xerais - CULLER (2000). Breve introducción a la teoría literaria. Barcelona: Crítica - EAGLETON, Terry (1988). Una introducción a la teoría literaria. Madrid: Fonco de Cultura Económica - SILVA, Vítor Manuel de Aguiar e (2000). Teoría e metodoloxía literarias. Lisboa: Universidade Aberta - VILLANUEVA, Darío (comp.) (1994). Avances en Teoría de la Literatura. Santiago de Compostela: USC - VIÑAS PIQUER, David (2002). Historia de la crítica literaria. Barcelona: Ariel - WAHNON, Sultana (1991). Introducción a la historia de las teorías literarias. Granada: Universidad de Granada
Bibliografía complementaria	<p>BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA: ANDERSON IMBERT, Enrique (1984). La crítica literaria: sus métodos y problemas. Madrid: Alianza</p> <p>AULLÓN DE HARO, Pedro (ed.) (1994). Teoría de la crítica literaria. Madrid: Trotta</p> <p>BARTHES, Roland (1966). Crítica y verdad. México: Siglo XXI, 2005</p> <p>ELLIS, John M. (1987). Teoría de la crítica literaria. Análisis lógico. Madrid: Taurus</p> <p>GÓMEZ REDONDO, Fernando (2010). Manual de Crítica literaria contemporánea. Madrid: Castalia</p> <p>LLOVET, Jordi (2009/2012). Teoría literaria y literatura comparada. Barcelona: Ariel</p> <p>DOLEŽEL, Lubomír (1997). Historia breve de la Poética. Madrid: Síntesis</p> <p>SELDEN, Ramón (ed.) (2010). Historia de la crítica literaria del siglo XX: del formalismo al postestructuralismo. Madrid: Akal</p> <p>SOTO, Luis G. (2016). Barthes filósofo. Vigo: Galaxia</p> <p>WELLEK, René (1968). Conceptos de crítica literaria. Caracas: Universidad Central de Venezuela</p> <p>WELLEK, René (1959 e ss.). Historia de la crítica moderna (1750-1950), 7 vol.. Madrid: Gredos</p>

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías